



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo de xestión de Administración xeral e corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo II, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo B: galego

NON abra o cuestionario ata que se lle indique

1. Segundo o artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, só mediante lei, e nas condicións establecidas neste artigo, poderán incluírse no procedemento administrativo:

- a) Trámites adicionais ou distintos aos recollidos nesta lei.
- b) Especialidades do procedemento referidas a formas de iniciación e terminación.
- c) Especialidades do procedemento referidas a publicación.

2. O artigo 3 da Lei 39/2015 manifesta que, para os efectos previstos nesta lei, terán capacidade de obrar ante as administracións públicas:

- a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan capacidade de obrar conforme ás normas administrativas.
- b) Os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación non estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.
- c) Os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, cando a lei así o declare expresamente.

3. Segundo o artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo proba en contrario, a aceptación dalgún dos sistemas de identificación electrónica dos interesados no procedemento pola Administración xeral do Estado servirá para:

- a) Acreditar fronte a todas as administracións públicas a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.
- b) Acreditar só fronte ás administracións autonómicas a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.
- c) Acreditar só fronte ás administracións locais a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.

4. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o medio elixido pola persoa para comunicarse coas administracións públicas, sexa ou non sexa electrónico, poderá ser modificado por aquela:

- a) Só no momento da presentación da solicitude.
- b) Só no momento de rexistro da solicitude.
- c) En calquera momento.

5. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa:

- a) Non poderá exceder de tres meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- b) Non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- c) Non poderá exceder de nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.

6. De conformidade co indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa:

- a) Lexitima o interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- b) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- c) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, mesmo aínda cando unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.

7. Segundo o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para ser considerados válidos, os documentos electrónicos administrativos deberán:

- a) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron publicados.
- b) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron realizados.
- c) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron emitidos.

8. Segundo o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non cabe a oposición do interesado a que a Administración actuante poida consultar ou solicitar documentos elaborados por calquera outra Administración:

- a) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades de fomento.
- b) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras.
- c) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades de organización.

9. Segundo o artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no funcionamento do rexistro electrónico permitírase a presentación de documentos:

- a) Todos os días do ano durante as vinte e catro horas.
- b) Só os días hábiles do ano durante as vinte e catro horas.
- c) Só os días laborais do ano durante as vinte e catro horas.

10. Segundo o artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, por razóns de interese público, implica que:

- a) Se reducirán á metade todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario, incluídos os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- b) Se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- c) Se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de informes e recursos.

11. Segundo o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que procedementos non poderá ser ampliado o prazo de corrección e mellora de solicitude?:

- a) Procedementos selectivos.
- b) Procedementos sancionadores.
- c) Procedementos disciplinarios.

12. Segundo o artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo ao procedemento:

- a) Só durante o trámite de audiencia.
- b) Só en calquera momento do procedemento posterior ao trámite de audiencia.
- c) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

13. En relación coa terminación convencional, o artigo 86 da Lei 39/2015 establece que os acordos, pactos, convenios ou contratos que celebren as administracións públicas deberán establecer como contido mínimo (sinale a resposta incorrecta):

- a) O ámbito persoal, funcional e territorial.
- b) O prazo de vixencia.
- c) As causas da súa resolución.

14. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando pola finalización do procedemento administrativo naza unha obriga de pago derivada dunha sanción pecuniaria, esta efectuarase preferentemente, salvo que se xustifique a imposibilidade de facelo:

- a) Utilizando unha tarxeta de crédito e débito.
- b) Utilizando un cheque persoal.
- c) Utilizando o pago en especie.

15. Segundo o artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as facultades de revisión establecidas nesta lei non poderán ser exercidas cando polo tempo transcorrido o seu exercicio resulte contrario:

- a) Á eficacia.
- b) Á boa fe.
- c) Ao costume.

16. Segundo o artigo 119 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o órgano que resolva o recurso administrativo decidirá cantas cuestións, tanto de forma coma de fondo:

- a) Suscite o procedemento e fosen alegadas polos interesados antes da resolución do procedemento.
- b) Suscite o procedemento só se foron alegadas polos interesados en fase de alegacións.
- c) Suscite o procedemento, fosen ou non alegadas polos interesados.

17. Segundo o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por medio de que principio a iniciativa normativa do Goberno da Nación debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos?:

- a) Principio de eficacia.
- b) Principio de eficiencia.
- c) Principio de necesidade.

18. Segundo o artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, haberán de publicarse no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos:

- a) As normas con rango de lei, os regulamentos e todos os actos administrativos.
- b) Só as normas con rango de lei e os regulamentos.
- c) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas.

19. En relación co seu ámbito subxectivo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 2 que se lle aplica de maneira supletoria, en defecto da súa normativa específica:

- a) A calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
- b) Ás entidades que integran a Administración local.
- c) Ás universidades públicas.

20. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

21. O artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao regular as decisións sobre competencia, recolle os conflitos de atribucións, que só se poderán suscitar:

- a) Entre órganos de diferentes administracións e respecto a asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- b) Entre órganos dunha mesma Administración non relacionados xerarquicamente e respecto de asuntos sobre os cales non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Entre órganos dunha mesma Administración relacionados xerarquicamente e respecto de asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.

22. Cando o artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula o principio de irretroactividade, dentro dos principios da potestade sancionadora, establece que as disposicións sancionadoras:

- a) Producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición.
- b) Producirán efecto retroactivo, salvo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- c) Non producirán efecto retroactivo, xa que sempre serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa.

23. Sinala a afirmación correcta con base no disposto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis leve cometida.
- b) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.
- c) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberanse impoñer as sancións correspondentes ás infraccións cometidas.

24. O artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao regular os principios da responsabilidade patrimonial das administracións públicas, establece que:

- a) Os particulares terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, mesmo nos casos de forza maior.
- b) Os particulares terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- c) Os particulares non terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.

25. Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

26. En relación co intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación, previsto no artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando os participantes nas comunicacións pertenzan a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá:

- a) A relación de responsables dos datos para xestionar e a natureza, reservada ou non, destes.
- b) Unicamente a relación de emisores e receptores autorizados.
- c) A relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se intercambiarán.

27. De conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares:

- a) Deberanse conservar sempre no mesmo formato que se orixinaron.
- b) Deberanse conservar en PDF, por ser este o único formato que garante a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
- c) Deberanse conservar no mesmo formato a partir do cal se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e a integridade da información necesaria para reproducilo.

28. O artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que os convenios que deben remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda, dentro dos tres meses seguintes á súa subscrición son:

- a) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.
- b) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 300.000 euros.
- c) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 200.000 euros.

29. De acordo co artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán colaborar e auxiliarse para a execución dos seus actos que deban realizarse ou teñan efectos fóra dos seus respectivos ámbitos territoriais:

- a) As entidades locais e as deputacións provinciais entre si.
- b) As comunidades autónomas e as entidades locais a través do Fondo de Cooperación Interterritorial.
- c) A Administración xeral do Estado, as das comunidades autónomas e as das entidades locais.

30. De conformidade co previsto no artigo 147 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a conferencia sectorial é un órgano de cooperación:

- a) De composición unilateral e ámbito sectorial determinado.
- b) De composición multilateral e ámbito sectorial indeterminado.
- c) De composición multilateral e ámbito sectorial determinado.

31. Segundo o artigo 148 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as conferencias sectoriais exercerán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Establecer plans específicos de cooperación entre comunidades autónomas na materia sectorial correspondente, procurando a creación de duplicidades para a consecución dunha mellor eficiencia dos servizos públicos.
- b) Intercambiar información sobre as actuacións programadas polas distintas administracións públicas, en exercicio das súas competencias, e que poidan afectar a outras administracións.
- c) Establecer mecanismos de intercambio de información, excepto de contido estatístico.

32. De acordo co artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as decisións que adopte a conferencia sectorial poderán revestir a forma de (sinale a opción incorrecta):

- a) Acordo.
- b) Recomendación.
- c) Ditame.

33. A comisión sectorial, regulada no artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, exercerá as seguintes funcións:

- a) A preparación das reunións da conferencia sectorial, para o que tratará os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.
- b) O seguimento dos acordos adoptados pola conferencia de presidentes.
- c) A creación e disolución dos grupos de traballo constituídos.

34. O artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, en función das administracións afectadas por razón da materia, estas comisións poderán estar formadas por (sinale a opción incorrecta):

- a) Representantes da Administración xeral do Estado e representantes das entidades locais.
- b) Representantes das comunidades autónomas e representantes das entidades locais.
- c) Representantes da Administración xeral do Estado e representantes das comunidades autónomas.

35. Segundo o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade:

- a) O Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- b) O Esquema Nacional de Seguridade.
- c) O Esquema Nacional de Información.

36. En relación coa reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración, de acordo co artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a opción incorrecta):

- a) As administracións poñerán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.
- b) As administracións cedentes e cesionarias non poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.
- c) As administracións públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación, deberán consultar no directorio xeral de aplicacións se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización.

37. De acordo co artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a devandita lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que esta se axuste aos principios de:

- a) Liberdade de acceso ás licitacións, mérito e capacidade.
- b) Liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos.
- c) Liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.

38. Para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes entes se considera un poder adxudicador? (artigo 3 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) As asociacións constituídas por administracións públicas.
- b) As fundacións cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos por unha ou varias entidades integradas no sector público.
- c) Todos os entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia que non sexan Administración pública que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, se un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador nomean polo menos a metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

39. A teor do disposto polo artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes non terá a consideración necesariamente de contrato de subministración?:

- a) Os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida.
- b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos.
- c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que deban ser entregadas polo empresario teñan que ser elaboradas de acordo coas

características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

40. Cando se trate de contratos de subministración distintos, por razón do suxeito contratante ou por razón do seu obxecto, dos contratos de subministración adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da seguridade social, están suxeitos a regulación harmonizada aqueles cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade de (artigo 21 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 221.000 euros.
- b) 5.186.000 euros.
- c) 186.000 euros.

41. Sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta (artigo 29 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) A entidade das prestacións.
- b) As características da súa execución.
- c) A necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das prestacións.

42. A teor do disposto polo artigo 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, un dos requisitos que terá que cumprir unha persoa xurídica para ter a consideración de medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adxudicador é un dos seguintes:

- a) Que máis do 80 por cento do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.
- b) Que máis do 50 por cento do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.
- c) Que a totalidade do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.

43. Dispón o artigo 41 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade entenderase delegada conxuntamente coa competencia para contratar:

- a) En todo caso.
- b) Salvo determinación expresa en contrario.
- c) Salvo para o caso de que a nulidade se deba declarar pola inobservancia por parte do órgano de contratación do prazo para a formalización do contrato.

44. En virtude do disposto polo artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a publicación da información relativa aos contratos menores que debe constar no perfil do contratante deberá realizarse:

- a) Polo menos semestralmente.
- b) Polo menos trimestralmente.
- c) Anualmente.

45. O requisito da acreditación de estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación para celebrar contratos co sector público será substituído polo da clasificación nos contratos de obras (artigos 74 e 77 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros.
- b) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 300.000 euros.
- c) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 207.000 euros.

46. Establece o artigo 92 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que regulamentariamente poderá eximirse a esixencia de acreditación da solvencia económica e financeira ou da solvencia técnica ou profesional:

- a) Para os contratos cuxo importe non supere un determinado limiar.
- b) Para os contratos cuxa adxudicación se faga en beneficio de varios empresarios.
- c) Para os contratos en cuxo importe estea incluído o imposto sobre o valor engadido.

47. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Está integrada por consellerías que actúan con personalidade xurídica única, dirixidas polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Está integrada por consellerías e entidades públicas instrumentais dependentes que desenvolven as funcións que determine a acción de goberno.
- c) Constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.

48. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos:

- a) Poderán ser delegados noutros xerarquicamente dependentes nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Poderán ser encomendados a entidades do sector público autonómico.
- c) Poderán ser desconcentrados noutros xerarquicamente dependentes.

49. En base ao artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a delegación de sinatura:

- a) Non altera a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria publicación.
- b) Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* e farase constar nas resolucións e actos que se asinen por delegación.
- c) Non caberá nas resolucións de carácter sancionador.

50. En base ao artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelles aos seus membros:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de vinte e catro horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- b) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- c) Recibir, cunha antelación mínima de tres días hábiles, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.

51. En base ao artigo 28 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelle o nomeamento das persoas titulares das secretarías xerais técnicas, das direccións xerais e das delegacións territoriais:

- a) Á persoa titular da consellería de que dependan.
- b) Ao Consello da Xunta, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica que en cada caso sexan necesarios para o desenvolvemento da función.
- c) Ao Consello da Xunta, atendendo á apreciación discrecional da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o posto.

52. En base ao artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas xefaturas territoriais:

- a) En cada delegación territorial existirá unha xefatura territorial, baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, con nivel orgánico de xefatura de servizo.
- b) As delegacións territoriais poderán estruturarse en xefaturas territoriais que, sen prexuízo da súa integración nelas para os efectos de coordinación, dependerán orgánica e funcionalmente das consellerías que correspondan por razón da materia.
- c) As delegacións territoriais poderán estruturarse en xefaturas territoriais que dependerán organicamente da delegación á que se adscriben e funcionalmente das consellerías, nos termos que regulamentariamente se establezan.

53. De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a dita lei será de aplicación a:

- a) A cidadanía nas súas relacións co sector privado e público autonómico de Galicia.
- b) O sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola administración xeral e as entidades instrumentais.
- c) As relacións entre o sector público autonómico e as restantes administracións públicas, dentro e fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

54. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia abrangue:

- a) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público estatal.
- b) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia.
- c) Ao sector privado e ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico.

55. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o sistema único de rexistro estará integrado:

- a) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- b) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e o Rexistro Electrónico Xeral.
- c) Pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se creen consonte ao establecido na Lei 4/2019.

56. De conformidade co establecido no artigo 32.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o Rexistro Xeral Electrónico rexerese para os efectos do cómputo de prazos:

- a) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será a sede electrónica da Administración Xeral do Estado.
- b) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será a sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será indistintamente a da Administración Xeral do Estado ou a da Xunta de Galicia.

57. De conformidade co establecido no artigo 43.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, considéranse válidos a efectos de sinatura:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- b) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por calquera prestador.
- c) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada que non estean baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

58. De conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a creación dunha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración implicará:

- a) Que as notificacións se realizarán preferentemente por correo ordinario.
- b) Que as notificacións se realizarán preferentemente por vía electrónica.
- c) Non se pode crear unha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración.

59. De conformidade co establecido no artigo 72.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o persoal empregado público:

- a) Non poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións.
- b) Poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións.
- c) Poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións con exclusión dos certificados de persoa física representante da administración xeral ou entidades públicas instrumentais.

60. De conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado, que incluirá:

- a) O número de identificación fiscal pero non a denominación correspondente.
- b) A denominación correspondente pero non o número de identificación fiscal.
- c) Tanto o número de identificación fiscal como a denominación correspondente.

61. Segundo o sinalado no artigo 2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, coa finalidade de satisfacer os intereses xerais, a Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Ten delegada a potestade de autoorganización, que a faculta, de acordo co ordenamento xurídico, para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Ten atribuída a potestade de autoorganización, que a faculta, de acordo co ordenamento xurídico, para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Ten desconcentrada a potestade de autoorganización, que a faculta, de acordo co ordenamento xurídico, para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

62. Dará lugar ao cesamento do persoal funcionario interino, segundo o recollido no artigo 24 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia:

- a) A convocatoria para a provisión do posto de traballo por persoal funcionario de carreira.
- b) A petición de reingreso do persoal funcionario de carreira procedente dunha situación de excedencia voluntaria.
- c) A adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou a provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira.

63. O artigo 33 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia sinala que o réxime xurídico específico do persoal directivo incluído no ámbito de aplicación da Lei 2/2015 será establecido:

- a) Por lei do Parlamento de Galicia.
- b) Por decreto do Consello da Xunta.
- c) Por orde da consellería competente en materia de función pública.

64. Segundo o artigo 67 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, a pena accesoria de inhabilitación especial:

- a) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto daqueles empregos ou cargos especificados na sentenza, cando adquira firmeza a sentenza que a impoña.
- b) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto a todos os empregos ou cargos que se desempeñaron, cando adquira firmeza a sentenza que a impoña.
- c) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñaron, cando se notifique a sentenza que a impoña.

65. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, a carreira vertical consiste:

- a) No ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, a outro superior, conforme ao establecido na sección correspondente da lei.
- b) No ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos na presente lei.
- c) No ascenso de grao e de categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente, en desenvolvemento dos principios recollidos na sección correspondente da lei.

66. Para participar nos concursos específicos regulados no artigo 91 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, é requisito necesario:

- a) Unha antigüidade mínima de dous anos como persoal funcionario de carreira.
- b) Unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario.
- c) Unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

67. O traslado polas administracións públicas a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos do persoal funcionario de carreira recollido no artigo 100 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia:

- a) Será voluntario e levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración de seis meses, prorrogables excepcionalmente por outros seis.
- b) Será voluntario e levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración de seis meses, non prorrogables.
- c) Será forzoso e levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración de seis meses, prorrogables excepcionalmente por outros seis.

68. Segundo o artigo 116 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi grave, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito ou:

- a) Dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade.
- c) Dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

69. Segundo o recollido no artigo 132 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito, por ano completo de servizos, a vacacións retribuídas de, como mínimo:

- a) Vinte e dous días hábiles anuais.
- b) Trinta días naturais anuais.
- c) Vinte e seis días hábiles anuais.

70. Segundo o artigo 156 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, nas unidades electorais onde o número do persoal funcionario sexa igual a 30:

- a) Elixirase un delegado de persoal.
- b) Elixíranse tres delegados de persoal.
- c) Constituíranse xuntas de persoal.

71. Con respecto á percepción de remuneracións, sinala o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que:

- a) Non se poderá percibir, salvo nos supostos previstos na devandita lei, máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- b) Non se poderá percibir en ningún caso máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- c) Poderán recibirse ata un máximo de dúas remuneracións con cargo aos orzamentos das administracións públicas.

72. Poderá autorizárelles a compatibilidade aos catedráticos e profesores titulares de universidade e aos catedráticos de escolas universitarias para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter investigador en centros públicos de investigación, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias (artigo 4 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Que a compatibilidade sexa solicitada pola universidade da que proveña.
- b) Que sexa dentro da área de especialidade do seu departamento universitario.
- c) Que un dos dous postos veña regulamentariamente autorizado como de prestación a tempo parcial.

73. Sen prexuízo do previsto no artigo 4.3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ao persoal incluído no ámbito desta lei poderá autorizárelle a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación de carácter non permanente ou de asesoramento, en supostos concretos que non correspondan ás funcións do persoal adscrito ás respectivas administracións públicas (artigo 6 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) En ningún caso.
- b) En todo caso.
- c) Excepcionalmente.

74. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada, para os funcionarios do grupo A2 en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 35 por 100.
- b) Un 40 por 100.
- c) Un 30 por 100.

75. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo A2 ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo C2 ou persoal equivalente.
- c) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A1 ou persoal de nivel equivalente.

76. De acordo co artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas administracións públicas:

- a) Non poderán autorizarse en ningún caso.
- b) Só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas na devandita lei como de prestación a tempo parcial.
- c) Só poderán autorizarse por razóns motivadas de interese público.

77. Conforme ao sinalado polo artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a resolución motivada na que se recoñeza a compatibilidade ou se declare a incompatibilidade ditarase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

78. Que deberá facer quen estea autorizado para o desempeño dun segundo posto ou actividade públicos? (artigo 14 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Deberá solicitar a excedencia voluntaria por interese particular.
- b) Deberá elixir o organismo polo que prefira recibir as súas remuneracións principais.
- c) Deberá instar o recoñecemento de compatibilidade con ambos.

79. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, existe discriminación indirecta:

- a) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira diferente por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- b) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- c) Cando unha disposición legal ou regulamentaria aparentemente neutra poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón da súa discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

80. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por medidas de acción positiva:

- a) Aquelas de carácter específico consistentes en evitar ou en compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade.
- b) Aquelas de carácter específico consistentes en promover valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social.
- c) Aquelas de carácter específico consistentes en realizar as adaptacións necesarias no ambiente físico para facilitar a accesibilidade e a participación.

81. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por acoso:

- a) Toda conduta non desexada que teña como obxectivo ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón de discapacidade.
- b) Calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade.
- c) Toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

82. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas que regulen os beneficios ou medidas de acción positiva:

- a) Poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes.
- b) Non poderán determinar os requisitos específicos para acceder a estes.
- c) Non poderán determinar o recoñecemento do grao de discapacidade dos solicitantes, salvo que se lles recoñecese un grao igual ou superior ao 45 %.

83. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a regulación das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que lles garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade corresponde:

- a) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais
- b) Ás comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.
- c) Ás comunidades autónomas.

84. De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir:

- a) Os edificios públicos e as instalacións administrativas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) Os edificios e as vías públicas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- c) Os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.

85. De acordo co artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do empresario que dean lugar a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de discapacidade, nos ámbitos do emprego, en materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo:

- a) Entenderanse nulos e sen efecto.
- b) Terán a consideración de acoso.
- c) Serán admisibles cando sexan proporcionados e necesarios.

86. De acordo co artigo 52 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ditarán as normas específicas correspondentes e establecerán as condicións de todo tipo que deberán reunir os centros ocupacionais para que sexa autorizada a súa creación e funcionamento:

- a) As comunidades autónomas.
- b) O Goberno, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás entidades locais.
- c) As administracións públicas, de acordo coas súas competencias.

87. Conforme ao artigo 54 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, participarán na preparación, elaboración e adopción das decisións e, se é o caso, das normas e estratexias que lles concirnen:

- a) As persoas con discapacidade maiores de idade e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.
- b) As persoas con discapacidade, a través das súas organizacións representativas.
- c) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e nenas e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.

88. Segundo o establecido no artigo 1.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o obxecto desta lei é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e esta entenderase:

- a) Como a desenvolvida cun financiamento público, así como o acceso á información pública, tal e como se define no seu artigo 24.
- b) Como a desenvolvida cun financiamento público, así como o acceso á información pública, tal e como se define no seu artigo 14.
- c) Como a desenvolvida cun financiamento público, tal e como se define no seu artigo 14.

89. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:

- a) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.
- b) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
- c) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.

90. De conformidade co establecido no artigo 4.1 e 4.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, están obrigadas a fornecer información á Administración:

- a) Todas as persoas físicas ou xurídicas, previstas no art. 3.1 desta lei.
- b) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos e as beneficiarias de subvencións.
- c) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos, exerzan potestades administrativas, as adxudicatarias de contratos e as beneficiarias de subvencións.

91. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información:

- a) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato.
- b) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato e as súas condicións de acceso e de utilización.
- c) O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos e as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización.

92. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación ao acceso da información pública:

- a) Recoñécese o dereito ao acceso parcial da información, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa carente de sentido.
- b) Recoñécese o dereito ao acceso parcial da información, en calquera caso.
- c) Non se recoñece o dereito ao acceso parcial da información.

93. Segundo o establecido no artigo 37.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno, o contido das obrigacións deste título será de aplicación aos titulares de:

- a) As secretarías xerais e direccións xerais.
- b) As xefaturas de servizo.
- c) As subdireccións xerais.

94. Segundo o establecido no artigo 38.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno:

- a) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia por un alto cargo será voluntario.
- b) A Xunta de Galicia fomentará a adhesión ao Código ético institucional polos altos cargos.
- c) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.

95. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) O Consello Galego das Mulleres.
- c) A Secretaría Xeral de Igualdade.

96. Conforme ao disposto no artigo 2 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese dentro do concepto de discriminación:

- a) O acoso moral por razón de xénero.
- b) O trato máis favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade.
- c) A orde de non discriminar as persoas por razón do seu sexo.

97. Conforme ao disposto no artigo 4 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para o efecto de promover a igualdade entre mulleres e homes, consideraranse discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e poderase manter, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas:

- a) Nos supostos nos non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- b) En ningún caso.
- c) Unicamente para eliminar as discriminacións entre mulleres e homes.

98. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adaptar o plan de etapas de aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ás contías orzamentarias anuais consignadas para o seu desenvolvemento nas leis de orzamentos de cada exercicio será obxecto de:

- a) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- b) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

99. Conforme ao disposto no artigo 58 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sen prexuízo da publicidade adicional que resultase conveniente á finalidade de prevención do acoso sexual, a declaración de principios será publicada:

- a) No taboleiro de anuncios de cada centro de traballo e unidade administrativa.
- b) No *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Na páxina web da consellería.

100. Conforme ao disposto no artigo 59 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para a tramitación do procedemento informal de solución, a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou de cada centro de traballo, tras a audiencia da representación legal de persoal ao seu mando, designará un asesor ou asesora confidencial:

- a) En todo caso unha muller.
- b) Preferiblemente unha muller.
- c) Un representante do sindicato máis representativo da devandita unidade.

PREGUNTAS DE RESERVA

101. Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan intereses lexítimos colectivos e poidan resultar afectados pola resolución.
- b) Aqueles cuxos intereses lexítimos colectivos poidan resultar afectados pola resolución e se constitúan en parte no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos colectivos poidan resultar afectados pola resolución e se constitúan en parte no procedemento en tanto non se iniciase.

102. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

103. En atención ao disposto polo artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non constitúe un dos obxectivos da devandita lei:

- a) Garantir unha eficaz utilización dos recursos públicos.
- b) Asegurar unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras.
- c) A salvagarda da libre competencia.

104. Cal dos seguintes non é un principio informador do réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, segundo o recollido no seu artigo 3?:

- a) Igualdade de trato entre mulleres e homes.
- b) Avaliación e responsabilidade na xestión.
- c) Seguridade dos cidadáns e respecto e deferencia a estes polas autoridades e empregados públicos.

105. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A persoa solicitante poderá non expoñer os motivos polos que solicita a información.
- b) A persoa solicitante poderá expoñer os motivos polos que solicita a información e estes poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución.
- c) A persoa solicitante poderá expoñer os motivos polos que solicita a información, pero non serán tidos en conta cando se dite a resolución.